

# NAUTIMAR

## EFFECTOS NAVALES



"Ás veces desexarías que os días tiveran 48 horas."

*Antonio Martínez Riande*

### Datos básicos

<b>Actividade:</b>	Venta de efectos navais
<b>Sector de actividade</b>	Comercio maiorista e minorista
<b>Nº empregados</b>	1
<b>Inversión inicial</b>	600 €
<b>Financiamento inicial:</b>	Créditos bancarios
<b>Web:</b>	
<b>Municipio:</b>	Ferrol, A Coruña
<b>Ano creación:</b>	1978

### Descrición do proxecto

Nautimar Efectos Navales é un comercio dedicado á venda de efectos navais en xeral. Principalmente, vendemos todo tipo de ferraxes en aceiro inoxidable - grilletes, tensores, cáncamos, etc. -, roupas mariñas, artigos de pesca, accesorios de náutica deportiva, cabullería especial - drizas, escotas, etc.- e artigos náuticos para agasallo.



## Datos empresa

### Claves do éxito

E esencial que che guste o que fas. A min gústame o meu negocio, nunca me pesou o comezar nesta actividade. Por outra banda, é necesaria unha dedicación casi completa para sacar un negocio adiante.

### Situación actual

Aínda que na actualidade está en boga a venda de accesorios náuticos deportivos, aquí en Ferrol non temos porto deportivo, coma se posúen outros concellos próximos, o que merma a venda deste tipo de artigos.

### Perfil cliente

Temos tanto clientes habituais, que levan adquirindo todo tipo de efectos navais desde fai moito tempo, como outros "de paso", que adquieren artigos náuticos de agasallo e roupa náutica deportiva, fundamentalmente.



## Idea inicial

Nautimar foi creada en 1978. Detectei unha necesidade que non estaba sendo cuberta polo resto de comercios de efectos navais existentes en Ferrol, posto que non había tendas que vendesen artigos de decoración náutica, nin artigos náuticos deportivos nin ferraxes de aceiro inoxidable. Vin nelo unha oportunidade de negocio e decidín comezar coa actividade.

## Principales dificultades y amenazas futuras

A principal diticuldade coa que me atopei foi económica, chegando a pagar créditos con intereses de ata o 22%.

Non vexo ameazas para o futuro na venda de accesorios de náutica deportiva, pois constitúe un segmento de mercado emerxente.

## Perfil promotores

Dende o ano 1967 ata 1976, rexentou un negocio de alimentación e hostalería. En 1976 emprendeu un novo negocio de hostalería que dirixiu ata 2005. Ao mesmo tempo, e dende 1978, compaxinou a xerencia do proxecto hostelero con Nautimar Efectos Navales.

## Aptitudes necesarias

Ter carácter e capacidade de sacrificio son as calidades fundamentais para emprender con éxito unha actividade. Ademais, debes ter unha gran capacidade de superación, marcarte unha meta e loitar ata conseguila.



## Guía de Actividad

**Servizos auxiliares ao sector pesqueiro** ([www.guias.bicgalicia.es](http://www.guias.bicgalicia.es))

### Motivacións

**Dedicarme ao que me gusta**  
**Dirixir persoas e organizacións**

**Gañar cartos**  
**Ser o meu propio xefe**

**A independencia que proporciona**  
**Demostrar aos demais as miñas capacidades**  
**Saír do desemprego**

### Formación

**¿Recibiú información específica sobre a creación de empresas?**

Non, ningunha.

**¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?**

Si, sempre é importante ter unha formación. De tódolos xeitos, para ser empresario tes que valer, non calquera ten a capacidade de rexentar un negocio con éxito.

### Anecdotario

Levo moitos anos visitando o Salón Náutico Deportivo de Barcelona, e no comercio posúo artigos dos provedores máis importantes. Sempre fun moi cumpridor nos meus negocios con eles, polo que teño a seguridade de que me poden servir calquera artigo rapidamente cunha soa chamada.

